



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XUÑO DE 2012.-

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. <u>Sres. Concelleiros:</u> Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. Dª Mª MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ <u>Non asisten con excusa:</u> D. EMILIO MESIAS FARIAS D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día vinteoito de xuño de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
--	--

Aberto o acto polo Sr. Alcalde-Presidente, por este solicitase a conformidade do Pleno para gardar un minuto de silencio pola vítima de violencia que aconteceu onte en Naron.

Gardado o minuto de silencio entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- APROBACION SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26-01-2012 e 23-02-2012.-

O Concello Pleno por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación as actas das sesión celebrada os días 26-01-2012 e 23-02-2012.

Punto núm. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO UNICO DE FERROL DE 25-05-2012 (CANON DE SANEAMENTO).-

Dase conta da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo Único de Ferrol de 25-05-2012 (Canon de Saneamento, na que se dicta o seguinte FALLO:

“Que estimando el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora Dª María Vázquez Méndez, en nombre y representación de AQUAGEST S.A., contra la resolución



del Ayuntamiento de Ares de fecha 10 de septiembre de 2010, por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto contra la resolución de fecha 1 de julio de 2010, por la que se requería a AQUAGEST S.A., debo declarar y declaro la disconformidad a Derecho de los actos administrativos recurridos, anulando los mismos, por no ser conformes a Derecho. Sin hacer especial pronunciamiento respecto a las costas procesales causadas.”

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DESESTIMIENTO SASIAIN BRAGE PROCEDIMIENTO ORDINARIO 000053/2012.-

Dase conta da firmeza de desestimiento Sasiain Brage -Procedimento Ordinario 000053/2012, do que a súa Parte Dispositiva seguidamente se transcribe: “Tener por **DESISTIDO** al recurrente SASIAIN BRAGE PROMOCIONES S.L. declarando la terminación de este procedimiento”.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 4.- DAR CONTA SENTENZA TSXG DE 11-06-2012.

Dada conta Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza de data 11-06-2012, na que se dicta o seguinte FALLO: “ Desestimamos el recurso de suplicación formulado por el letrado D. Jesús Porta Dovalo, en nombre y representación de D. Javier Sánchez Romero, contra la sentencia de fecha veinticuatro de julio de dos mil ocho, dictada por el Juzgado de lo Social Dos de Ferrol, en el procedimiento 20/08, seguido contra el CONCELLO DE ARES, confirmando íntegramente y en todos sus términos la expresada resolución”.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto 5.- DAR CONTA FIRMEZA DESTIMIENTO CORUÑESA AFORRO ENERXÉTICO S.L. PROCEDIMIENTO ORDINARIO 35/2012.

Dase conta da firmeza desestimiento Coruñesa Aforro Enerxético S.L. procedimiento Ordinario núm. 35/2012, do que a súa parte dispositiva seguidamente se transcribe:

“Tener por **DESISTIDO** al recurrente CORUÑESA DE AHORRO ENERGETICO S.L. declarando la terminación de este procedimiento”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 6.- DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENZA TSXG DE 03-05-2012.

Dase conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 03-05-2012, na que se dicta o seguinte FALLO: “ Que estimando íntegramente el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Letrado D. Juan Manuel Fonte Sardiña en mobre y



representación de D. José Antonio Castiñeira Martínez contra la inactividad del Ayuntamiento de Ares en el cumplimiento de la resolución dictada por ese Ayuntamiento en fecha 23 de abril de 2008, en materia de disciplina urbanística, se establece la obligación del Ayuntamiento de Ares de dar cumplimiento a lo acordado en dicha resolución, dictando un acuerdo de ejecución de las obras necesarias para conservar las condiciones previstas en el artículo 9 de la Lei 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, de la vivienda sita en la finca con Referencia Catastral 1792302NJ6019S, notificando la misma a los interesados, con la advertencia de las posibles responsabilidades que pudieran derivarse del incumplimiento de los citados plazos, incluidas las de orden penal, sin efectuar expresa condena respecto de las costas procesales”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 7.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TSXG DE 08-06-2012 “RODRIGUEZ ROZAS”.-

Dase conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 08-06-2012, na que se dicta o seguinte FALLO: “ Que desestimando el recurso de Suplicación interpuesto por DOÑA ELVIRA RODRÍGUEZ RODRIGUEZ, contra la sentencia de fecha doce de diciembre del año dos mil once, dictada por el Juzgado de lo Social número uno de los de Ferrol, en proceso promovido por la recurrente frente al CONCELLO DE ARES, debemos confirmar y confirmamos la sentencia recurrida”.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA NÚM. 137-B/2012.-

Dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 137-B/2012 que seguidamente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 137B-12.

Visto o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Visto-los preceptos de xeral aplicación, e en especial as competencias conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

VEN EN RESOLVER.-

Primeiro.- Solicitalle á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no



Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Segundo.- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo, é de 330.554,04 Euros co seguinte detalle.

- Persoal: 30.026,00 Euros.
- Mantemento 600,00 Euros.
- Axuda no Fogar:
Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 17.128,84 Euros, o Modalidade para persoas valoradas como dependentes 276.799,20 Euros.
Xestión de programas: 6.000 Euros.

TERCEIRO.- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, nas mesmas condicións que no ano anterior.

Cuarto.- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ó exercicio 2012 na contía de 206.570,95 Euros que supón unha porcentaxe do 38% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas”.

O Concello Pleno acorda darse por enterado e ratificala mesma.

PUNTO 9.- EXPROPIACIÓN AMPLIACIÓN INSTALACIÓN CPI CONDE DE FENOSA.-

O Sr. Alcalde_Presidente manifesta que na documentación aportada para o Pleno veñen o convenio de colaboración asinado coa Deputación e a Consellería para a citada ampliación, e despois xa ven a Memoria da Alcaldía xustificativa da urxente ocupación o informe de Secretaria e o informe dos Servizos Urbanísticos, así como o acordo para a expropiación dos terreos.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL: Sr. Luis Cendán Fernández, simplemente dicir que nos estamos de acordo, creo que isto é unha maneira que ven a solucionar un tema importante, como é a escolarización dos de infantil, e dicir que nos no seu día dixemos e creo que estamos no certo de que isto vai a ser unha medida coyuntural no futuro e ademáis co porcentaxe de nenos que están nacemento nos últimos anos, eu creo que se vai quedar moi corto o colexio, polo tanto a aposta definitiva sería un colexio novo, pero xa digo nos estamos de acordo en darlle esta solución coyuntural a curto prazo que vai a satisfacer a todo o mundo.



Interveno Voceiro do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán: Nos en principio vamos a pedir que esto quede sobre a Mesa porque entendemos que esta expropiación vai vinculada ó cambio da Pista Polideportiva, así ven na Memoria explicativa no segundo punto, e consultado o Secretario eu pregunteille se podían facerse as aulas arriba no terreo que se vai a expropiar, e me dixo de palabra que si pero que había que facer un novo informe xurídico, nos íamos a votar favorablemente se eso foi así, pero de palabra, pero que había que transcribilo nun informe xurídico, si é así e basta que o diga o Sr. Secretario, nos vamos a pedir que se faga este informe e si así que se pode facer nos vamos a votar a favor, nos non vamos a votar en contra e o que pedimos e que quede sobre a mesa ata que faga o informe xurídico o Sr. Secretario.

Nos entedemos e xa abrimos un debate público, coa Dirección do Colexio e co xefe territorial de educación, no cal nos trasladamos o problema que se xenerou que foron as aulas de infantil no sótano do colexio esta solventado coas aulas móbiles, que os nenos están ben e entendemos que a situación mellor para o Colexio e para todo e facer as aulas arriba e esperar como estamos coa tramitación do Plan Xeral, esperemos que no que queda de ano se presente o Plan Xeral e se poida vincular xa este tema as aulas de ahí arriba e como entendemos que o problema do Colexio sería facer un novo, o antigo Conde de Fenosa ten cuarenta e dous anos, que se foron facendo edificios simultaneos e creo que a corto prazo nin a medio prazo por parte da Administración se vai facer un Colexio Novo, e entonces entendemos nos que o que se faga no Colexio que via durar a medio prazo e a longo prazo que se fagan as cousas o mellor que poda, nos entendemos que facer as aulas na pista polideportiva a parte de que non cumpre o ratio de metro cadrado por alumno, e face outro edificio alí, eles non van a ter expansión para xogar nin nada, e única solución é facer as aulas na finca que se vai a expropiar. O mellor e que non pasa nada, e deixalo para o mes que ven, e o que o Sr. Secretario faga un informe e polo menos ter a seguridade de que nos no futuro podemos facer calquer urbanización como sexa a pista polideportiva ou as aulas de infantil.

Sometida a votación a proposta do Grupo Municipal do P.P. de que o asunto quede sobre a Mesa, o Concello por 4 Votos a favor do P.P. 6 votos en contra do Grupo Municipal Socialista e 1 abstención de NAL acorda rechaza-la proposta.

Acto seguinte sometese a votación o expediente de expropiación para a ampliación do Conde de Fenosa e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 6 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL e catro votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

“. EXPROPIACIÓN TERREOS "TRASLADO DE PISTA DEPORTIVA CUBERTA"

Primeiro.- Aproba-lo proxecto "memoria valorada para el traslado de pista deportiva cubierta" redactado polos Arquitectos Nicolás Castelo Pérez e Luis Felipe Cabezas Tórrelo, Arquitectos superiores colexiados 2.699 e 3.164., considerando de utilidade pública.



Segundo.- Incluir esta obra dentro do Plan de Obras e Servizos desta Corporación aos efectos previstos polo artigo 94 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Terceiro.- Aproba lo proxecto de expropiación dos bens e dereitos afectados polo "Proxecto de expropiación para ampliación das instalacións do C.P.I. Conde de Fenosa en Ares" correspondente á excución do Proxecto "memoria valorada para el traslado de pista deportiva cubierta".

Cuarto.- Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días con publicación no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello, concedendo audiencia ós interesados advirtíndolles que ata o día do levantamento da acta previa á ocupación poderán formular alegacións que estimen oportunas, así como o expediente ^ Ministerio-Fiscal para as parcelas de titularidade descoñecida se fose o caso.

Quinto.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación en base ós motivos que a continuación se describirán consorte a Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre a urxente ocupación de bens en expropiacións das Corporacións Locais e ao abeiro do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa.

O Pleno do Concello, previa deliberación, acorda en votación ordinaria por 7 votos a favor dos grupos políticos PSdeG-P.S.O.E. (6) e NAL (1) e 4 en contra do P.P. aproba-la proposta transcrita.

Relación de bens e dereitos afectados :

Fincan ⁰ .	Ref. Catastral	Titulares	Bens afectados
	Valoración		
1	0991002NJ6009S0001FW	LÓPEZ RIVERA MARÍA	1.309 m2. 20.168,13 €.
2	099100NJ6019S0001IY	SÁNCHEZ MARTÍNEZ ÁNGELES	149 m2. 2.153,75 €.*
3	15004 ⁰ 018003220000YD	MARTÍNEZ PEREIRA FRANCISCO MARTÍNEZ PRIETO MANUEL ANTONIO	454 m2. 11.288,52 €.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO 10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNES DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta as Resolucións adoptadas pola mesma dende a



celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO 11.- MOCIONS E PROPOSTAS.-

a) Moción do PSdeG-PSOE "PRIVILEGE.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG PSOE que seguidamente se transcribe:

"D. José Eugenio Fernández Lago, voceiro do grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Ares, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e ciernáis normativa que poida resultar de aplicación, presenta para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Privilege Advanced Surfaces é unha empresa asentada no Polígono industrial das Lagoas onde se fabrican taboleiros de aglomerado de cuarzo, cunha plantilla de 74 traballadores e traballadoras.

O seus accionistas eran o Grupo Quarella cun 60%, Xesgalicia 20% e Sepides 20%. Esta empresa recibiu un gran numero de axudas publicas tanto en prestamos como en subvencións.

Na actualidade a empresa atopase en período de liquidación dentro dun proceso de Concurso Voluntario de Acredores, e cun ERE temporal que afecta a maioría da plantilla e que remata o vindeiro o 20 de xuño. De non atoparse unha solución, nun breve espazo de tempo, poderíase estar a falar do peche de Privilege Advanced Surfaces e da perda de 74 postos de traballo directos e mais indirectos.

Tas a xuntanza mantida co Conselleiro de Industria Javier Guerra na que propuxo como posible saída, ademáis da posibilidade que aparecese un comprador, a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral para que os traballadores e traballadoras se fixesen cargo da empresa. Nestes momentos estase constituíndo , por parte dos traballadores e traballadoras , esta sociedade coa que intentar facerse cargo da empresa.

Polo anteriormente exposto, o PSdeG-PSOE a través do seu voceiro integrado no Grupo Municipal Mixto somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:



PRIMEIRO.- Mostrar a solidariedade e apoio do Concello de Ares coa loita dos empregados de Privilege Advanced Surfaces polo mantemento da maioría dos postos de traballo e do funcionamento da empresa.

SEGUNDO.- Instar a Xunta de Galiza a buscar unha saída a situación de Privilege Advanced Surfaces, co obxectivo de manter os postos de traballo e a actividade empresarial, ben a través da chegada dun comprador-industrial ou ben a través doutra formula.

TERCEIRO.- Instar a Xunta de Galiza que apoie a iniciativa desenvolvida polos traballadores e traballadoras de Privilege Advanced Surfaces de constituir unha Sociedade Anónima Laboral para facerse cargo da empresa e manter os postos de traballo.”

Interven o Sr. Alcalde que é unha moción que nos facilita o Comité de Empresa, é o propio Comité quen facilita unha exposición onde ante unha situación crítica que está pasando a empresa simplemente se solicita, mostrar a solidariedade e apoio do Concello de Ares, cos traballadores de Privilege; instar á Xunta de Galicia a buscar unha saída co obxectivo de manter os postos de traballo, e por suposto instar á Xunta de Galicia a que apoie a iniciativa desenrolada polos traballadores como tamén se comprometeu o consello de industria, se aparece un comprador o IGAPE lle da axudas e se o final non aparece un comprador e son os traballadores os que salvan a empresa cunha Sociedade Anonima Laboral as axudas que lle ían a dar o comprador que tamén se lle den a esta Sociedade, esté o obxectivo da Moción.

Sometida votación a Moción o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte e antes de pasar o punto de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os voceiros se teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, non presentándose ningunha moción.

PUNTO 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rotos e preguntas toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: O tema da Bailadora, alí se quitaron unhas pedras e o máis sorprendente e que votaron cemento por riba.

Sr. Alcalde resposta que esas pedras xa non están, esas pedras habían desaparecido e cando se fixo a actuación como esas pedras eran pedras de remate, deixaban efectivamente toda a cornisa insegura, entón o Plan de dinamización ampliou a actuación co mesmo diñeiro evidentemente e fixo un sellado da cornisa, porque eso o roubaron, son pedras remate e as levarían sabe deus para que e entón se fixo un sellado simplemente das zonas que



quedaron coa pedra ó aire, agora están desaparecendo na de arriba, e agora están desaparecendo en Fonte Seca.

SR. Manuel Cendán: O tema do barco cando se vai a poñer un funcionamento eso.

Resposta o Sr. Alcalde cando este equipado con os elementos de seguridade, ten que pasar unha inspección de capitanía e xa depende dos chalecos, bengalas, dos elementos de seguridade.

E non habendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e vintecinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde_Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,